

Ensinanza da crise Covid

Susana Aldecoa Landesa¹.

¹ PRESIDENTA AGAMFEC

Inmersos nunha crise de modelo, mentres impulsabamos un *plan vertebrador do sistema sanitario* que necesitaba de cambios orzamentarios e organizativos de calado, chegou esta galerna. Impensable que o meu primeiro editorial como presidenta de AGAMFEC sería durante unha situación de tal gravidade.

Vímonos sacudidos por unha enfermidade que desmontou a nosa vida e o noso traballo. Temos hoxe unha Atención Primaria irrecoñecible. Toca reconstruíla aproveitando as leccións desta pandemia. Temos a responsabilidade de non volver ao modelo inviable do que vimos.

A pandemia está a ensinarnos que os equipos multiprofesionales consolídanse en tempos de crise. É preciso reforzar os equipos e axustar as competencias de cada colectivo. Durante esta tolema demostramos que podemos facelo, e que o facemos mellor cando dispoñemos de capacidade de xestión. Pero cos recursos necesarios.

Os cambios organizativos que acometemos foron inmensos e moitos chegaron para quedar. Sería un grave erro desaproveitar este feito. Avancemos nas unidades clínico-administrativas, que demostraron a súa capacidade de adaptarse ás novas necesidades. Avancemos na optimización da consulta non presencial, xerando tempo e espazo para a atención presencial ben entendida por profesionais e cidadanía. Trallemos na desburocratización da man de tódolos colectivos profesionais. Esixamos que a atención domiciliaria sexa forte, coa imprescindible zonificación, o transporte e o tempo necesario na axenda.

Aprendemos que necesitamos manter ás persoas fráxiles maiores nos seus fogares tanto como sexa posible se é alí onde queren estar. Necesitamos repensar como sociedade o coidado dos maiores; a atención sociosanitaria ten lagoas profundas.

Deberase prestar unha atención máis humanizada, próxima e dispoñible ao longo do tempo; volvamos á lonxitudinalidade, un dos erros cometidos na primeira fase da pandemia.

Na nosa carteira de servizos ten que estar a vixilancia epidemiolóxica, o control de pandemias e a resposta a catástrofes. En tempo record desenvolvemos guías de actuación, organizativas e clínicas, pero fixémoslo de forma descoordinada, traballamos moitos nas mesmas cousas, cun innecesario desperdicio de enerxía. Precisamos xestores de Atención Primaria con liderado e capacidade.

As necesidades dos cidadáns durante a pandemia evidenciaron a importancia das redes comunitarias: a necesidade de información veraz e contrastada, o rastreo de necesidades, o acompañamento emocional, os coidados e a identificación de persoas e grupos vulnerables. Falábase antes da pandemia *da Comunitaria*, de recursos e activos para a saúde, da súa identificación, da súa integración no ADN da Atención Primaria. Agora descubrimos un tecido asociativo que adquiriu visibilidade ou xurdiu da necesidade. Redes e alianzas que son unha oportunidade, un espazo privilexiado para a participación de profesionais e cidadáns no desenvolvemento da saúde das zonas básicas, e da calidade dos servizos sanitarios.

Temos tarefas: as inmediatas, garantir ao máximo a seguridade dos profesionais, a prevención da infección, a identificación de casos e contactos, os coidados de afectados, o apoio na corentena, o seguimento do tratamento e as posibles secuelas físicas, psicolóxicas e sociais. As indemorables: recuperar a atención das patoloxías aguda e crónicas aparcadas pola crise. As que veñen para quedar: reorganizarnos, fortalecernos, afianzar as alianzas coa comunidade. É impensable afrontalas cos medios que temos, é un clamor.

Unha ensinanza, importante, é que a Atención Primaria debe saír reforzada.